

Traballar as emocións

"O MEDO"



C.E.I.P. Quintela – Moaña

TRABALLAR AS EMOCIONS: O MEDO



EDUCACIÓN INFANTIL

Propostas didácticas para traballar:

1.- Presentación do tema a través dos contos:

Haberá unha selección de contos, para lerllas na clase, que tratan do tema e dará lugar a comentalos.

Títulos:

- -"Os tres bandidos". Kalandraka.
- -"Gato Guille e os monstros". Kalandraka.
- -"¿No duermes osito?"
- -"O monstro de Ricardo". Kalandraka.
- -"Que hace un cocodrilo por la noche"
- -"A bruxa regañadentes". Oqo.
- -"Bola de manteiga" .Oqo.
- -"Tio lobo". Kalandraka.
- -"Verlioka". Oqo.
- -"Os bolechas teñen medo". A nosa terra.
- -" O medo". Ir indo.
- -"Hansel e Gretel". Kalandraka.
- -"Carrapuchiña vermella". Kalandraka.

2.- Educación emocional:

Conversas en gran grupo sobre:

- Personaxes que lle dan medo, a eles mesmos ou a outras persoas.
- Situacíons nas que podemos ter medo (cando estamos solos, pola noite, de compras, vendo películas,,)
- Que lle pasa ó noso corpo cando temos medo (nos ollos, na boca, na respiración, na pel, no corazón...)
- A que lle tiñan medo os nosos pais cando eran pequenos, por que xa non lle teñen...
- Que podemos facer cando temos medo.

- No entroido nos disfazaremos de bruxas.

3.- Lingoa:

- Escribir e compoñer as palabras bruxa e monstro.
- Inventar nomes para os monstros e bruxas debuxados. Facer descripcións a partir de fichas dadas (vive en, come.., ten..., fai...)
- Memorizar adiviñas referidas a algúns destes personaxes.
- Facer o libro dos conxuros: para desaparecer, para enamorar, para convertir...
- -Aprenderlle o recitado:

"Era de noite

Había un castelo,

Abriuse a porta

Saiu un morcego

Meteu a man

Sacou un coitelo

¡¡UNTA A NOCILLA, UNTA A NOCILLA!!"

4.- Música:

- Aprender a canción "A bruxa Maruxa" e a murga de Entroido.

5.- Expresión corporal:

- Imitación de movementos de bruxas e monstros. Escenificación dalgúnha secuencia de "Hansel e Gretel" ou a Bruxa regañadentes.
- Exercicios de relaxación e respiración.

6.- Expresión plástica:

- Debuxar bruxas e monstros para expoñer na "galería de bruxas", "galería de monstros"
- Elaborar o libro dos monstros en cada clase ou o libro das bruxas ,con debuxos de todos os nen@s. En cinco anos será un libro móbil onde cada páxina terá dúas partes que se poderán cambiar para poder formar un novo monstro.

Decoración corredores

- Decorar os corredores e aulas con fantasmas, arañas e monstros feitos con recheos de papel.
- Emmarcar portas con "pedra" feita de papel continuo, forrar portas de negro ou vermello, cubrir corcheiras con papel imitando o interior de covas, etc

TRABALLAR AS EMOCIONS: O MEDO

PRIMEIRO CICLO

Propostas didácticas para traballar

1.- Presentación do tema a través dos contos:

Haberá unha selección de contos, para lerllas na clase, que tratan do tema e dará lugar a comentalos.

Títulos para 1º:

- "Os tres bandidos"
- "Gato Guille e os monstros"
- "¿No duermes osito?"
- "Sacapenas"
- "Que hace un cocodrilo por la noche"

- "A bruxa regañadentes"
- "Bola de mantenza"

Títulos para 2º:

- "Onde viven os monstruos"
- "Bola de manteiga"
- "Un pesadelo no meu armario"
- "Oscar e o buzón de correos"

(De "Onde viven os monstruos" e "Os tres bandidos" temos diapositivas con música e texto para contárllos)

2.- Educación emocional:

- Contarllles o que nos daba medo de pequenos.
- Que eles nos falen do que lles da medo.
- Buscar entre todos solucións para vencer ese medo.
- Aprenderlle o recitado:

"Era de noite

Había un castelo,

Abriuse a porta

Saiu un morcego

Meteu a man

Sacou un coitelo

¡¡UNTA A NOCILLA, UNTA A NOCILLA!!"

3.- Expresión escrita:

- Facer as fichas de "Controlar o medo" que vos adxuntamos.
- Escribir os seus pesadelos.

4.- Educación física:

- Facer exercicios respiratorios para aprender a tranquilizarnos.

4-Expresión plástica.

- Debuxar personaxes que dan medo.
- Facer o libros dos personaxes (dráculas, fantasmas, bruxas, ogros, lobos...) segúن as fichas que vos adjuntamos.
- Facemos o disfraz de entroido: **fantasmas**.

Decoración corredores

- Colgar vampiros do teito
- Facer un fondo negro con papel continuo e poñer fantasmas,e vampiros enriba.
- Emmarcar portas ,cubrir corcheiras, etc

TRABALLAR AS EMOCIONS: O MEDO

SEGUNDO CICLO

Propostas didácticas para traballar

1.- Presentación do tema a través dos contos.

Haberá unha selección de contos, para lerelles na clase, que tratan do tema e dará lugar a comentalos.

Títulos:

- "Fantasmas no corredor"
- "O cuarto prohibido"
- "O conde vampiro"
- "A bruxa regañadientes"

2.- Educación emocional:

- Contarllles o que nos daba medo de pequenos.
- Que eles nos falen do que lles da medo.
- Buscar entre todos solucións para vencer ese medo.

3.- Expresión escrita:

- Facer as fichas de "Controlar o medo" que vos adxuntamos.
- Escribir os seus pesadelos.
- Facer receitas de conxuros.
- Inventar recitados tenebrosos.

4.- Educación física:

- Facer exercicios respiratorios para aprender a tranquilizarnos.

4-Expresión plástica.

- Debuxar personaxes que dan medo.
- Facer o libro dos monstruos ,según o modelo que vos adxuntamos.
- Facemos o disfraz de entroido: dragóns.

Decoración de corredores

- Colgar caras monstruosas
- Facer o castelo das bruxas en papel continuo e con todo tipo de bruxas, arañas e serpes.

- Facer a cova do esqueleto con papel continuo e un esqueleto dentro (dos do laboratorio)

TRABALLAR AS EMOCIONS: O MEDO

TERCEIRO CICLO

Propostas didácticas para traballar:

1.- Presentación do tema a través dos contos.

Haberá unha selección de contos , para lerllas na clase, que tratan do tema e dará lugar a comentalos.

Títulos:

- "Fantasmas no corredor"
- "O cuarto prohibido"
- "Sálvate, Elías"
- "A historia de Erika"
- "Unha pantasma no colexiio"
- "Todos mis monstruos"
- "El pequeño vampiro"
- "Hugo"
- "Diccionario dos seres míticos galegos".
- "Mamasiña que medo"

(Este último é unha obra de teatro, pódese ver a posibilidade de preparala para as letras galegas)

2.- Educación emocional:

- Contarllles o que nos daba medo de pequenos.
- Que eles nos falendo que lles da medo agora e cando eran máis pequenos.
- Buscar entre todos solucións para vencer ese medo.
- Memorizar o conxuro da queimada (sapos, curuxas, meigas e bruxas...)

3.- Expresión escrita:

- Facer as fichas de "Controlar o medo" que vos adxuntamos.
- Escribir os seus pesadelos.
- Escribir historias de medo.
- Inventar recitado tenebrosos.

4.- Educación física:


- Facer exercicios respiratorios para aprender a tranquilizarnos.

5.- Expresión plástica.

- Debuxar personaxes que dan medo.
- Facer o libro das caras segúن o modelo que vos adxuntamos.
- Prepara o disfraz de antroido: iremos de **Familia Adams**

Decoración de corredores

- Colgar caras monstruosas
- Facer o castelo das bruxas en papel continuo e con todo tipo de bruxas, arañas e serpes.
- Facer a cova do esqueleto.





Ceip Quintela-Moaña
Equipo de biblioteca

Aos titores e titoras.

Repartide unha tira destas para cada alumno e que poñan nela a resposta a seguinte pregunta: ¿Qué é o que mais medo che da? E a continuación a idade e o curso. No caso de Infantil, cubrideo as profes. Con todas as respuestas, ou coas mais curiosas, imos fazer o mural dos medos.



Conxuro da queimada

Mouchos, coruxas, sapos e bruxas. Demos, trásnos e dianhos, espíritos das nevoadas veigas.

Corvos, pintigas e meigas, feitizos das mencinheiras. Pobres canhotas furadas, fogar dos vermes e alimanhas. Lume das Santas Companhas, mal de ollo, negros meigallos, cheiro dos mortos, tronos e raios. Oubeo do can, pregon da morte, foucinho do satiro e pe do coello. Pecadora lingua da mala muller casada cun home vello.

Averno de Satan e Belcebú, lume dos cadavres ardentes, corpos mutilados dos indecentes, peidos dos infernales cus, muxido da mar embravescida.

Barriga inutil da muller solteira, falar dos gatos que andan a xaneira, quedella porra da cabra mal parida.

Con este fol levantarei as chamas deste lume que asemella ao do inferno, e fuxiran as bruxas acabalo das sas escobas, indose bañar na praia das areas gordas. ¡Oide, oide! os ruxidos que dan as que non poden deixar de queimarse no agoardente, quedando así purificadas.

E cando este brebaxe baixe polas nosas gorxas, quedaremos libres dos males da nosa ialma e de todo embruxamento.

Forzas do ar, terra, mar e lume, a vos fago esta chamada: si é verdade que tendes mais poder que a humana xente, eiqui e agora, facede cos espíritos dos amigos que estan fora, participen con nos desta queimada.

